

As propiedades textuais II: a cohesión

O dicionario define o termo cohesión como "acción e efecto de xuntarse ou adherirse cousas entre si". Efectivamente, para obtermos un texto temos que ir "xuntando" as palabras e as ideas ata construílo. **A cohesión textual é a propiedade mediante a cal se relacionan os diversos elementos que compoñen un texto.**

1. MECANISMOS DE COHESIÓN

Para establecermos relacións entre os distintos elementos dun texto contamos cos dous grandes tipos de **mecanismos de cohesión: a cohesión léxica e a cohesión gramatical.**

a) A cohesión léxica

Ten que ver cos elementos léxicos que relacionan as distintas partes do texto. Os principais procedementos de cohesión léxica son:

1. **Repetición das mesmas palabras.** Nun texto é necesario que se repitan palabras porque se non carecería de sentido, de coherencia.
2. **Sinonimia, antonimia e hiperonimia**
3. **Substitución pronominal e adverbial**
4. **Elipse:** supresión dun elemento.

b) A cohesión gramatical

Refírese aos elementos que marcan as relacións entre os enunciados, parágrafos e oracións que conforman un texto.

Os principais elementos de cohesión gramatical son os **conectores**, pero tamén ten moita importancia a **puntuación**.

Os conectores máis comúns son os seguintes:

TIPO	EXPRESAN	EXEMPLOS
Temporais	Relación no tempo	entón, aínda, antes de, despois de, sempre que, desde que...
Espaciais	Relación no espazo	preto de, lonxe de, arredor de, cara a, á esquerda, á dereita...
Consecutivos	Consecuencia	polo tanto, daquela, xa que logo, por iso, por conseguinte...
Causais	Causa, razón ou motivo	porque, pois, xa que, dado que, por culpa de, de aí que...
Aditivos	Suma de ideas	e, ademais, tamén, igualmente, do mesmo xeito...
Opositivos	Contraste entre enunciados	pero, mais, porén, aínda así...
Exemplificadores	Exemplo	por exemplo, verbigratia, particularmente...
Explicativos	Explicación ou matización dunha idea	é dicir, isto é, ou sexa, mellor dito, noutras palabras...
Tematizadores	Introdución dun tema	en canto a, no tocante a, polo que se refire a...
Ordinais	Orde (comezo, continuación ou remate)	en primeiro lugar, antes de nada...; en segundo lugar, deseguido...; en último lugar, para rematar...
Conclusivos ou sintetizadores	Síntese, conclusión ou recapitulación	en síntese, en resumo, en suma, a fin de contas...

Repara agora nalgúns exemplos de mecanismos de cohesión destacados neste texto:

repetición dunha palabra **antonimia** *hiperonimia* CONECTORES Elipse (...) Subst. pronominal

Eu só son unha palabra común. A miña vida podía ir **mellor** ou TAMÉN (...) **peor**. Gústanme os diminutivos afectivos E non me levo nada mal cos números. Nacín aquí, hai xa bastantes anos, e as cousas DESDE QUE eu era unha palabra nova cambiaron moito. EN FIN, que estou para o que faga falta. Aprendín moi cedo que son única, que ningunha outra palabra pode substituírme, como nos pasa a todas as palabras do mundo.

Coñecín moitas *palabras* que **desapareceron** e todos os días me cruzo na rúa con algunha (...) que **acaba de nacer**.

MAIS hai uns quince días sucedeume algo preocupante. Acababa de acordar e estaba saíndo da *ducha* cando souo o timbre da *casa*. Vestínme apurada e **abrín** a porta. Cando vin que era un *castelanismo* **fechei** a porta con medo. E respirei fondo.

Séchu Sende: "Unha palabra común", *Made in Galiza*, Galaxia, 2007

2. PROBLEMAS HABITUAIS RELACIONADOS COA COHESIÓN

a) A corrección léxica

O problema máis frecuente que atingue á cohesión léxica é a **pobreza léxica**, que se manifesta fundamentalmente mediante o **léxico repetitivo** e as **palabras comodín**.

1. Léxico repetitivo

Cómpre evitar a repetición abusiva das mesmas palabras ou de termos da mesma familia léxica. Os principais recursos que podemos empregar para corrixir este problema son os **sinónimos**, os **antónimos** e os **hiperónimos**.

Son palabras sinónimas as que posúen un significado semellante ou moi próximo. Con todo, hai que **prestar atención ao contexto para seleccionarmos o sinónimo axeitado**; por exemplo en *As súas obrigas laborais obrigábano a estar lonxe da familia moitos días*, queremos solucionar a reiteración *obrigas / obrigábano*; acudimos a un dicionario de sinónimos e observamos as opcións que nos achega:

- Obriga: 1. *Deber, obligación, esixencia.* 2. *Favor, débeda, compromiso.* 3. *Deberes, obrigacións, responsabilidades.*
- Obrigar: 1. *Forzar, compeler, impulsar, impoñer, esixir.* 2. *Mandar, afectar.* 3. *Comprometerse, responsabilizar, propoñerse.*

Non poderíamos dicir *As súas débedas laborais obrigábano a estar lonxe da familia moitos días*, xa que, aínda que é unha oración correcta, estaríamos modificando substancialmente o significado inicial. Daquela, propoñamos: *As súas responsabilidades laborais/ Os seus compromisos laborais obrigábano a estar lonxe da familia moitos días* ou *As súas obrigas laborais esixíanlle estar lonxe da familia moitos días*, por exemplo.

A **antonimia**, emprego de palabras de significado contrario, é outro recurso para ampliar o vocabulario. Resulta especialmente útil para corrixir o abuso da negación. Por exemplo, neste texto:

O respecto polos dereitos humanos conseguiu progresos non pequenos. Non obstante, non podemos negar que en moitos países continúan sendo vulnerados, aínda que sexa de xeito non evidente.

Se botamos man de antónimos, podemos melloralo:

O respecto polos dereitos humanos conseguiu grandes progresos. Non obstante, podemos afirmar que en moitos países continúan sendo vulnerados, aínda que sexa de xeito encuberto.

Finalmente, os **hiperónimos** son palabras ou frases que posúen un significado xeral capaz de englobar o significado máis concreto doutros vocábulos pertencentes ao mesmo campo semántico. Por exemplo, *roupa* sería o hiperónimo de *saia, xersej, blusa, calcetíns, camisa* etc. e permítenos evitar repeticións en contextos como o seguinte: *Cando meteu a chave na porta deuse conta de que levaba o pantalón e os calcetíns empapados. Abriu, entrou no cuarto, sacou a roupa e colocouna nunha cadeira para evitar que mollase o chan.*

2. Palabras comodín

Outra manifestación de pobreza léxica é a utilización de **palabras comodín** (tamén chamadas palabras baúl ou simplemente comodíns). Son termos de significado tan amplo que encaixan en múltiples contextos. *Cousa, tema, facer, dicir, ter, poñer, importante, bo, malo, haber* son algunhas das máis frecuentes: *Díxonos unhas cousas increíbles e eu xa nin sabía como facer.* O problema destas

palabras é precisamente a súa amplitude e a falta de concreción; debemos procurar outras máis exactas, por exemplo: *Contounos unhas historias increíbles e eu xa nin sabía como actuar.*

b) A corrección gramatical

Para redactar un texto correcto desde o punto de vista sintáctico débese prestar especial atención a tres cuestións: a orde das palabras, o tamaño das oracións e mais os nexos.

1. A orde

A orde habitual das oracións é SUXEITO, PREDICADO e COMPLEMENTOS. Non obstante, podemos alterala basicamente por dúas razóns:

a) estilísticas: é o que se denomina **hipérbato**, por exemplo nestes versos de Daniel Salgado:

*Fire a coitelada
de non dar comprendido
nada,
o xornal.*

b) ou porque nos interese destacar determinada información colocándoa ao comezo: *Berenxenas era o que quería e non cabaciña.*

Con todo, débese mostrar especial coidado cos cambios da orde habitual, xa que poden alterar o significado da oración ou xerar informacións confusas. Por exemplo: *A mestra faloulles aos nenos de Romanía.* Nesta oración non sabemos con seguridade se a mestra lles falou aos nenos sobre Romanía ou se o que fixo foi dirixirse a un grupo de nenos procedentes de Romanía. Daquela, **non se deben separar innecesariamente as palabras que están directamente relacionadas entre si**, de modo que escribiremos *A mestra faloulles de Romanía aos nenos* se queremos expresar inequivocamente a primeira idea.

Os complementos circunstanciais teñen moita mobilidade: poden colocarse ao comezo da oración, separados por unha coma; ao final ou no medio da oración. Pero **cómpre evitar que a súa posición provoque confusións**: *Os médicos alertaron sobre un virus que pode afectarlles aos nenos e nenas hoxe.* Mellor sería: *Hoxe, os médicos alertaron sobre un virus que pode afectarlles aos nenos e nenas.*

2. O tamaño

Un texto integrado unicamente por oracións breves pode resultar difícil de interpretar porque non se expresan as relacións que se establecen entre elas. Pola contra, as oracións excesivamente longas tamén poden escurecer o seu sentido, ademais de resultar máis complexo escribilas sen erros. Polo tanto, **débese procurar combinar os dous tamaños, pero as oracións máis extensas non deberían superar as 30 palabras.** Para poñer en práctica esta recomendación deberás usar adecuadamente os signos de puntuación e mais os nexos. Fíxate no seguinte parágrafo:

A paixón dos mozos xaponeses pola roupa de marca chegou a un extremo que preocupa ás autoridades xa que é crecente o número de atracos xuvenís cun móbil que non é conseguir cartos ou xoias senón o botín máis prezado dos adolescentes, que é unhas zapatillas de deporte de marca.

Utilizando os signos de puntuación poderíase modificar o tamaño das oracións e alterando a orde dos elementos a información sería máis clara:

O número de atracos xuvenís en Xapón está crecendo a causa da paixón da mocidade pola roupa de marca. As autoridades están preocupadas. Agora, o móbil destes atracos non é cartos nin xoias, senón unhas zapatillas de marca, o botín máis prezado das persoas adolescentes.

Ademais, canto máis longa sexa unha oración máis posibilidades existirán de cometer erros coma o **anacoluto**, que consiste na ruptura sintáctica da oración, ben porque falte unha parte ben porque non haxa correspondencia entre as dúas partes. Este erro é frecuente con oracións de relativo: **Os obreiros que estaban abrindo a rúa para instalar o cableado de fibra óptica e que xa levan dúas semanas traballando;* esta oración está incompleta porque non ten verbo principal, os verbos que

aparecen pertencen ás oracións subordinadas de *que*, de xeito que descoñecemos "que lles pasou" a eses obreiros. Teríamos que completar a oración, por ex.: *Os obreiros que estaban abrindo a rúa para instalar o cableado de fibra óptica e que xa levan dúas semanas traballando remataron hoxe, por fin.*

3. Os nexos

Debemos procurar usalos con **precisión** (por ex. *un medicamento contra a gripe* e non **un medicamento para a gripe*) e **diversidade** (por ex., evitando a reiteración das conxuncións *e*, *pero* ou do relativo *que*).

Para solventar a reiteración da conxunción copulativa podemos acudir á puntuación ou, se é posible, cambiala polo nexo subordinante que conveña; por exemplo, para mellorar a cohesión da oración *Nunca poñía o despertador e quedaba durmido e sempre chegaba tarde á escola*, temos diversas opcións: *Nunca poñía o despertador, quedaba durmido e sempre chegaba tarde á escola* sería a máis sinxela, pero existen outras posibilidades: *Nunca poñía o despertador polo que quedaba durmido e sempre chegaba tarde á escola* ou *Como nunca poñía o despertador, quedaba durmido e sempre chegaba tarde á escola* ou *Sempre chegaba tarde á escola porque quedaba durmido dado que nunca poñía o despertador.*

Deseguido presentamos un cadro cos nexos subordinantes máis usuais (polo tanto, os que máis se repiten) e as posibles alternativas para cada caso:

Tipo de nexo	Nexo habitual	Outros nexos
Adversativos	<i>pero</i>	<i>mais, así a todo, senón, non obstante, porén, no entanto, con todo</i>
Concesivos	<i>aínda que</i>	<i>a pesar de que, malia que, ben que, mesmo que</i>
Condicionais	<i>se</i>	<i>como, con tal que, en caso de que, sempre que</i>
Causais	<i>porque</i>	<i>xa que, posto que, dado que, a causa de que, por mor de, pois</i>
Consecutivos	<i>polo tanto</i>	<i>tan/tanto...que, así que, de modo que, de xeito que, de maneira que, daquela, por conseguinte, xa que logo</i>

Non esquezas que non son normativos os nexos **sen embargo* e **unque*; no lugar do primeiro usaremos *porén, no entanto* ou *non obstante* e para substituír o segundo servirán calquera dos concesivos.

Finalmente, en relación ao **uso dos relativos**, cómpre lembrar as seguintes pautas para evitarmos erros:

1. Relativo *onde*: só se pode empregar con antecedente de lugar e non admite preposición *en* (**en onde*).
2. Relativo *quen*: é invariable, non ten plural (**quenes*). Se nos interesa marcar os plural deberemos empregar *os que / as que*.
3. Relativo *cuxo/a, cuxos/as*: é normativo, pero é unha forma culta, de xeito que se debe empregar en contextos formais ou moi formais.
4. Relativo *o cal/a cal*: non son usuais precedidos de preposición *en*: *Vendeu a casa na cal naceu*, mellor *Vendeu a casa onde naceu* ou *Vendeu a casa na que naceu*.
5. Cando pertencen a unha frase preposicional dependente dun verbo, non cómpre esquecer a preposición: **As rapazas que che falei onte* non é correcto porque o verbo *falar* esixe neste contexto a preposición *de*; daquela: *As rapazas das que che falei onte* ou *As rapazas de que che falei onte* (son correctas as formas con ou sen artigo nestes contextos: *de que* ou *das que, en que* ou *no que*).

ACTIVIDADES

1. Localiza exemplos dos mecanismos de cohesión estudados:

Un de cada seis vehículos que circulan polas estradas españolas rodan cun pneumático que debe cambiarse pola súa escasa capacidade de adherencia; unha terceira parte calza as rodas traseiras en peor estado ca as dianteiras, o que pode provocar situacións de risco; o 73% dos pneumáticos ten a presión máis baixa ca a recomendada e a metade dos coches circulan con algún pneumático coa presión tan baixa como para sufrir un serio accidente en calquera momento. Estes datos resultan aínda máis preocupantes, se é posible, coa chegada do inverno, das chuvias e do frío.

Revista *Consumer*

2. Localiza e clasifica os conectores do seguinte texto:

Cal é o futuro laboral que se lle presenta ao alumnado que está a piques de rematar Fisioterapia? A saúde é un sector que profesionalmente permite varias opcións. Por unha banda, está o sistema tanto público como privado a través de centros de fisioterapia, hospitais, mutuas etc. Ademais, unha parte importante dos nosos estudantes o que fan é que se instalan no exercicio libre da profesión e, dende logo, temos que dicir que a todos os que decidiron montar o seu propio negocio vaillan moi ben. Teño constancia de varios ex alumnos que comezaron en solitario e que agora xa son empregadores doutros fisioterapeutas pola gran demanda que teñen. Tamén hai que subliñar que os negocios privados funcionan bastante ben porque o sistema público non ten cubertas todas as necesidades e deberíanse ofertar máis prazas tanto en atención primaria como en atención especializada. Considero que é un reto que as institucións deben afrontar canto antes. Por outra banda, agora tamén existe un mercado laboral incipiente ou, mellor dito, un suposto mercado laboral incipiente, que traballa coa dependencia.

Diario da Universidade de Vigo

3. A partir destes enunciados desordenados, elabora un texto coherente e cohesionado. Logo explica que mecanismos de cohesión empregaches.

O motorista non entendía as turistas. Era de noite. As turistas oíron un ruído de motor. As turistas ían nun coche alugado. As turistas non tiñan mapa. Ía moito frío e chovía. O coche quedou sen gasolina. Unha moto parou onda o coche. As turistas estaban preocupadas. A estrada discorria por un monte escuro e despoboado. As turistas non coñecían o idioma daquel país. As turistas non coñecían a estrada. Había unha aldea a dez quilómetros. Eran as catro da mañá. As turistas falaban entre si. As turistas tiñan medo. As turistas non entendían o motorista.

4. Neste texto dez palabras foron substituídas polos seus antónimos, de xeito que se xerou un texto incoherente. Localízalas e substitúelas polas axeitadas ao contexto.

Domingo

Cando descubrín que "aquilo" podía falar, sentín un vello interese por el pois a min encántame falar. Eu falo todo o día, mesmo nos sonhos, e a miña conversa é moi interesante, pero se tivese alguén con quen falar podería ser o dobre de interesante, e non deixar de falar se iso me apetecera.

Se este réptil é un home, este animal non é *iso* ¿non si? ¿*Iso* non podería ser gramatical, ou? Coido que mellor será chamarlle *el*. Si, penso que si. Deste xeito poderíamos declinalo así: nominativo *el*, dativo *lle*, posesivo *seu*. Ben, considerareino un home e chamareille *el* mentres non se demostre que é outra cousa. Isto será máis práctico ca ter tanta certeza xunta.

Domingo da semana seguinte

Seguino de preto toda a semana intentando perder a súa confianza. Tiña que levar eu o peso da conversa porque el estaba desinhibido pero iso non me importaba. Parecía murcho téndome ao seu carón e usei o máis que puiden o cariñoso "nós" porque semellaba agradarlle ser excluído.

Mércores

Agora levámonos moi ben e ímonos coñecendo cada vez mellor. El nunca intenta xa evitarme, o que é un bo sinal e demostra que lle gusta estar comigo. Comprácame que así sexa e eu esfórzome por serlle útil de todos os xeitos que podo para que así mingüe a súa estima por min. Nos últimos dous días púxenme ao labor de nomear todas as cousas que el sinalaba coas mans. Foille de grande alivio pois a el non se lle dan moi ben esas cousas e estame xa que logo moi desagradecido. El non é quen de poñer un nome ao xeito pero eu fago coma quen que non estou ao tanto da súa virtude. Sempre que unha criatura nova aparece, eu noméoa antes de que a el lle dea tempo a expoñerse a un incómodo silencio. Desde ese punto de vista, lévoa ensarillado en moitos apuros embarazosos.

Mark Twain: *Diario de Eva*, Edicións Positivas, 1991

5. Le con atención o seguinte texto e logo substitúe as palabras en grosa pola alternativa adecuada de todas as opcións que achega un diccionario de sinónimos:

Gustar: Probar, degustar, catar, sentir, percibir. 2. Experimentar, gozar. 3. Agradar, compracer, satisfacer.

Cuberto: 1. Tapado. 2. Anubrado, nubrado. 3. m. Alpendre, alboio, pendello.

Usar: 1. Utilizar, empregar. 2. Gastar. 3. Vestir, levar, poñer.

Razón: 1. Entendemento, intelecto, intelixencia, pensamento, xuízo. 2. Criterio. 3. Discurso, dilema. 4. Argumento, demostración. 5. Causa, motivo, explicación. 6. Conta, relación, cómputo.

Abeirar: 1. Achegar(se), acaroar(se), acercar(se), arrimar(se). 2. Abrigar(se), amparar(se), resgardar(se). 3. Bordenar, flanquear.

Tentar: 1. Instigar, suxerir, inducir, provocar. 2. Intentar, procurar, tratar. 3. Atraer, seducir.

Irromper: 1. Aparecer, xurdir. 2. Invadir, penetrar, asaltar. 3. Intervir.

Luns

Esta nova criatura de cabelo longo non anda máis ca a marearme. Sempre zangoneando ao meu arredor e seguíndome a todos os sitios. Non me **gusta** que o faga. Non estou afeito a ter compañía. Oxalá se quedara cos outros animais...

Hoxe está **cuberto**, con vento do leste. Penso que teremos auga... ¿Nós? ¿De onde saquei eu esta palabra? Xa recordo. **Úsaa** a nova criatura.

Martes

Estívenlle botando unha ollada á facenda. A nova criatura chámalle o "Xardín do Edén". ¿Por que? A verdade é que non o sei. Ela di que isto *aseméllase* ás Cataratas do Niágara. Esa non é unha **razón**. É só un capricho, unha fatada. Non tiven de mínima oportunidade de poñerlle nome a nada. A nova criatura ponlles nome a todas as cousas, antes de que eu poida abrir a boca. E sempre pon a mesma escusa: o nome *aseméllase* á cousa. [...]

Mércores

Construí un refuxio para **abeirarme** da chuva, pero aínda non puíden gozar del en paz. Coma sempre, apareceu a nova criatura. Cando **tentaba** botala fóra, ela deu en verter auga polos furados cos que mira, os de diante da cabeza, e enxugounos co revés da súa pouta, facendo un ruído coma o que fan algúns outros animais cando están en perigo. Gustaríame que non falase tanto pero ela sempre está que se tumba e que se derrumba. Isto parece un sarcasmo malvado para coa nova criatura, un desprezo, pero tanto me ten. Eu nunca antes oíra voz humana e calquera son novo ou estraño que **irrompa** aquí sobre o solemne silencio desta soidade de soño ofende o meu oído e seméllame unha falsa nota.

Mark Twain: *Retallos do diario de Adán*, Edicións Positivas, 1992

6. Localiza e substitúe as palabras comodín por outras de significado máis preciso:

- O desparafusador é unha cousa moi útil para os mecánicos e carpinteiros.
- Recolle as túas cousas, que marchamos axiña.
- O baloncesto é unha das cousas que máis me gustan.
- O compás é unha cousa que serve para orientarse.
- Desmontou o televisor e, cando o volveu montar, sobrábanlle cousas.
- Este rapaz ten todas as cousas para chegar a ser un bo avogado.
- As matemáticas fánse difíciles de entender.
- Vendeu as leiras, mais poucos cartos fixo.
- No edificio central había unha bandeira azul e branca.
- Houbo un xuízo no que o declararon inocente.
- As súas palabras tiveron un efecto negativo no alumnado.
- Ten un cancro en fase terminal.
- Penso que agora xa non teñen ningunha relación.

7. No seguinte texto figuran destacadas en letra grosa as palabras que se repiten en exceso. Mellora a cohesión do texto empregando no seu lugar substitutos léxicos:

"Catro de cada dez mozos e mozas teñen adicción ao móbil"

Un **estudo, elaborado** pola Universidade de Granada, afirma que o 40% da mocidade recoñece que usa o **móbil** máis de catro horas ao día, xa sexa falando, a través das mensaxes ou das chamadas perdidas.

Francisca López, profesora do departamento que **elaborou o estudo**, mantén que a **adicción** ao teléfono **móbil** é froito dos cambios sociais e tecnolóxicos rexistrados na última década.

A principal diferenza con respecto a outras é que non causa efectos físicos aparentes, senón só psicolóxicos. Algúns dos síntomas da **adicción a móbiles** son o descoído de obrigas ou actividades importantes, a interrupción de relacións co círculo familiar e de amigos máis próximos, o non recoñecemento desta enfermidade e pensar **continuamente** no **móbil** cando non se dispón del.

A maioría dos **adictos** ao móbil son **persoas** con baixa autoestima e problemas para relacionarse, que senten unha necesidade **continua** de estar conectadas e en contacto cos demais. A estas **persoas**, que poden chegar a deprimirse cando se ven privadas do **uso** do teléfono durante algún tempo, apagar o **móbil** provócalles ansiedade, irritabilidade, alteracións do sono ou insomnio e **mesmo** tremores e problemas dixestivos.

O **uso** do **móbil** "de forma razoable" pode ser **mesmo** beneficioso para os adolescentes, porque lles permite manter a súa rede de amizades e sentirse "avalados polo grupo", se ben o seu abuso pode ter "efectos irreversibles" no desenvolvemento da personalidade da mocidade.

Revista *Consumer*, 2007 (adaptación)

8. Substitúe os nexos que se repiten por outros:

Sofía vive en Mozambique **e** ten doce anos **e** non vai á escola **porque** ten que traballar **porque** doutro xeito non tería que comer.

A súa irmá chámase María **e** son case iguais, **pero** é un ano máis vella. Tamén ten outro irmán, Alfredo, **pero** aínda é un bebé **e** non se vale en por si.

Quen lles falou da escola foi Lino, un rapaz que levaba un zapato debuxado nun pé **porque** só tiña un de verdade. Díxolles que a escola era de balde e só tres horas pola tarde e que poderían seguir axudándolle á súa nai no campo.

9. Os seguintes titulares achegan unha información confusa. Reordénaos para que a mensaxe resulte máis clara:

- a) Detiveron un home en Cangas por malos tratos hoxe.
- b) O goberno francés concede unha paga por ter descendencia mensual.
- c) Un individuo feriu a un dos policías que o detiveron cunha navalla.
- d) Por orde da ONU, o ministro iraquí ameazou con derrubar os avións estadounidenses que sobrevoan Iraq.
- e) Xapón disporá de coches que frean só en breve.
- f) Un encontro sobre biodiversidade reúne para buscar solucións á degradación ambiental en Portugal a 180 países.

10. Localiza e corrixe os erros relacionados cos relativos das seguintes oracións:

- a) Trátase dunha historia onde un xornalista novato é enviado a un país en guerra.
- b) O roubo cometeuse no día no cal comezaban as vacacións.
- c) Hai máis dun mes desapareceu da vila en onde residía.
- d) Revisa os textos que che falei.
- e) O futuro que soñades pode existir ou non, depende de vós.
- f) É por esa razón que marchou da casa.
- g) Hai xente que lle gusta ler na cama.
- h) Aí tes a chave que abrimos o caixón.

11. Reescribe o seguinte texto mellorando a súa cohesión. Para iso deberás empregar todas as palabras que se che propoñen, substituíndo con elas o que corresponda. Os verbos deberás conxugalos, pero os termos restantes non os podes modificar. A lista de palabras é a seguinte: posuír, mais, asistir, así que, a el, no meu país, unicamente, é analfabeto, deber, da familia, afirmar, marido, nas leiras, soamente. **A primeira modificación sería:** "Posúen algunhas terras nas que cultivan arroz".

Ola! Son Yu Xian e vivo en China. A mamá e o papá son campesiños. Teñen algunhas terras nas que cultivan arroz. Teño un irmán de quince anos, que aínda vai ao colexio. Eu xa fixen doce e só puiden ir durante dous anos. Non sei ler nin escribir e téñolle que ditar esta carta ao meu irmán. De feito, en China, non sabe ler unha de cada tres nenas. Pola contra, entre os nenos, só un de cada dez non sabe. As nenas campesiñas coma min moitas veces temos que quedar na casa para ocuparnos dos irmáns e das irmás pequenas. Eu coído de Obu Ya, que ten tres anos. Os meus pais sempre se queixan por terme. Din que, no campo, cantos máis fillos homes tes, máis rico te podes facer; pero que as fillas só son unha carga económica. Dino porque, cando case, terán que prepararme un dote, irei vivir á casa dos pais do meu home e traballarei nos campos para eles. Só faltan uns tres anos para que o meu pai me venda a un home maior ca min, con quen me verei obrigada a casar.

Gemma Lienas: *Diario violeta de Carlota* (tradución)

12. Agora indica que problemas melloraches no texto anterior:

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> Existencia de anacolutos | <input type="checkbox"/> Abuso da conxunción e |
| <input type="checkbox"/> Léxico repetitivo | <input type="checkbox"/> Emprego inadecuado de relativos |
| <input type="checkbox"/> Emprego de palabras comodín | <input type="checkbox"/> Outros: _____ |

E, finalmente, marca as solucións que aplicaches para cada problema:

- Abuso da conxunción e: substitución por signos de puntuación
- Léxico repetitivo: eliminación de termos
- Emprego de palabras comodín: uso de termos máis precisos
- Abuso da conxunción e: substitución por outros nexos
- Léxico repetitivo: substitución por sinónimos ou pronomes
- Outros: _____